

Expediente IET: P-22-682
Proxecto: Parque eólico Serra do Colmo
Concellos: Becerreá e Baralla (Lugo)
Promotor: Enel Green Power España, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 30/09/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Serra do Colmo.

1. Antecedentes:

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

A documentación que se somete a informe é o estudo de impacto ambiental (asinado con data do 28/03/2022) e un arquivo en formato *shapefile* coa representación gráfica das infraestruturas e instalacións do parque eólico.

O proxecto consiste na construción do parque eólico Serra do Colmo, de 35 MW, composto por 6 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación, e unha torre meteorolóxica). Cinco dos aeroxeradores serán de 5,80 MW de potencia nominal unitaria e un deles de 6 MW. En canto ás dimensións, todos terán unha altura de buxa de 102,5 metros e 155 metros de diámetro de rotor. Prevese a construción de tres edificios de planta rectangular cuberta a dúas augas e superficie de 21,60 x 10 metros para o edificio de operación e mantemento, 7,81 metros x 18,38 metros para o edificio de celas, e 11,50 metros x 3,25 metros e cuberta a unha auga para o edificio de residuos. Os cerramentos exteriores realízase mediante muros de termoarxila e carpintaría metálica. A lonxitude total dos accesos é duns 10.739 metros, dos cales 5.369 metros son camiños de nova execución, e 5.371



metros de pistas existentes a acondicionar. A lonxitude total das gabias para o cableado é de 7.265 metros.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP (asinado con data 26/04/2022) como anexo II.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Serras Orientais, na comarca paisaxística Os Ancares-A Fonsagrada. As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas son a AEIP-01-11 Cruzul-Agüeira, situada a 2,5 km ao sueste do aeroxerador SC-05, e a AEIP-01-10 Río Navia, a 6,7 km ao sueste da posición SC-02. Respecto aos miradoiros, o máis próximo é o de Pena Maior localizado a 1,6 km ao sur do SC-05. Máis lonxe aparecen os de A Meda-Triacastela (9 km en dirección suroeste), Pedreira-2 (10,4 km ao oeste), Lamas (11,6 ao sur), Medorra-2 (12 km ao sueste), Montes de Restelo (12,3 ao nordés). En relación a outros valores recollidos no Catálogo, cabe mencionar o BIC "Igrexa de Santa María de Penamaior", localizado no fondo do estreito val do río Convento a 615 metros do aeroxerador SC-03.

Os aeroxeradores emprázanse en dúas aliñacións sobre dous cordais montañosos de dirección NO-SE que pechan o val polo que discorre o río do Convento, afluente do río Neira. Trátase dunha zona de montes con cumios de relevo suave onde alternan as coberturas de mato, con plantacións forestais e zonas de pastos. Nos vales configúrase unha característica paisaxe agrícola composta por un mosaico de parcelas dedicadas a prados e cultivos delimitadas por sebes vexetais, entre as que se intercalan bosquetes de vexetación autóctona, formacións que adquiren maior presenza ás beiras das canles fluviais. Os núcleos rurais son de pequeno tamaño e aparecen dispersos na contorna ocupando os fondos dos vales, así como posicións a media ladeira. As principais vías de comunicación próximas ao proxecto son a autoestrada A-6, a estrada nacional N-VI, as autonómicas LU-680 e LU-636, e as provinciais LU-P-0704, LU-P-0701, e a LU-P-0506.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia; descríbense as características básicas do proxecto; analízase a calidade e fragilidade paisaxística; calcúlanse as cuncas visuais para un radio de 20 km e se estuda a visibilidade das infraestruturas apoiándose en infografías; identifícanse e valóranse os impactos e se describen as medidas preventivas e correctoras adoptadas para minimizalos. Inclúese un apartado coa xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe.

Segundo a análise de visibilidade realizada no EIIP, as infraestruturas serán visibles dende distintos elementos de interese paisaxístico, como son as AEIP e os miradoiros, principalmente dende o de Pena Maior dada a distancia existente, interferindo nas vistas panorámicas que se dirixen dende este lugar cara o norte. Así mesmo, tamén poderá producirse afección visual sobre elementos do patrimonio cultural como é o mosteiro de Santa María de Penamaior, dada a curta distancia á que se sitúa, se ben a vexetación arbórea e a orografía da contorna atenúan a visibilidade. En relación coa incidencia visual sobre os núcleos rurais, esta será alta posto que ao redor do parque existen asentamentos situados a curta distancia das infraestruturas. Así mesmo, dentro da cunca visual, a algo menos de 4 km ao sueste e noroeste, localízanse os núcleos urbanos de Becerreá e Baralla, respectivamente. Ademais, os aeroxeradores resultarán visibles dende distintos tramos das vías de comunicación máis importantes como son a autovía A-6 e a estrada nacional VI que discorren ao leste, se ben a vexetación, os noiros das vías, exercen de barreiras que atenúan a visibilidade. O proxecto provocará, polo tanto, un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual das infraestruturas, principalmente os aeroxeradores, por situarse en posicións elevadas, dominantes no relevo, o cal lles confire unha alta visibilidade, e por tratarse de elementos alleos á paisaxe. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía cos outros desenvolvementos eólicos posto que segundo o Rexistro eólico de Galicia, nun





radio de 10 km aparecen 13 parques (2 en explotación, 2 en construción e 9 en tramitación), correspondendo o máis próximo a un proxecto en tramitación ao sur da posición SC-05 a unha distancia de 1.2 km.

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística e inclúe un plan de restauración encamiñado á recuperación das áreas afectadas polas infraestruturas. Tales medidas poden considerarse en xeral adecuadas para reducir ou mitigar os impactos sobre a paisaxe, se ben deberán completarse de acordo co que se indica no apartado seguinte.

6. Conclusión:

Polo que atinxe ao contido do EIIP, este considérase, en xeral, axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG. Non obstante, deberanse ter en conta as consideracións que se indican neste apartado.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar o miradoiro de Pena Maior, a autovía A-6 e a estrada nacional N-VI, e os núcleos de poboación. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, non supón un impacto crítico. A respecto dos núcleos, de acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes.

En relación aos edificios previstos relacionados coa subestación do parque, e de acordo coa directriz de paisaxe DX.17.c.4, deberase procurar a mellor integración cromática e textural posible seleccionando os materiais e as cores en atención ás características da paisaxe de acollida, coidando os acabamentos para transmitir unha imaxe de calidade. En calquera caso evitárase o emprego de materiais que afecten negativamente á paisaxe pola súa cor, brillo ou similares. Así mesmo, de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o, deberanse prever plantacións arbóreas ao borde da instalación, realizadas con especies autóctonas, que suavicen a súa incidencia visual.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

Non será necesario solicitar un novo informe do IET.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

